

## REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS DE EMPRESA DE PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

### ACTA N° 12

#### ASISTENTES

##### UNIVERSIDADE DE VIGO

**Xerenta:**

Raquel María Souto García

**Vicexerente de Recursos Humanos:**

José González Groba

**Xefe do Servizo de PAS:**

José Manuel Fernández Viña

**Redacción da acta:**

María Isabel Fernández Uría

##### COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Marisa Magaz Ledo (CCOO)-Escusa ausencia

Manuel Marcos García (CCOO)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO)

Margarita Turnes Negreira (CCOO)-Escusa ausencia

José Estevez Vázquez(CCOO)-Escusa ausencia

Federico Fernández Fernández (CIG)

Xosé Luciano Otero Camiña(CIG)- Escusa ausencia

Carlos Román Lago (CIG)- Escusa ausencia

Carlos Mollinedo Lois(CIG)-Escusa ausencia

Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG)-Escusa ausencia

Roberto Otero Ledo (CIG)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

##### COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente )

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alberte Pividra (CIG)-Escusa ausencia

César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

Miguel Ángel García Barros (UGT)-Escusa ausencia

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral mantiveron unha reunión ás 10:00h, do 13 de decembro de 2019 na Xerencia, coa seguinte

#### ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior
2. Convocatorias dos procesos selectivos das categorías de:

- a. TS de actividades do medio mariño
- b. TS de actividades deportivas
- c. TS de calidad ambiental e histoloxía
- d. TM de prevención de riscos laborais

### 3. Rolda de intervencións

#### 1. Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.

Apróbase e asínase a acta N°11 da reunión anterior de 21 de novembro de 2019.

#### 2. Convocatorias procesos selectivos.

A xerenta comeza a reunión dicindo que advertidos dun erro na redacción das convocatorias enviadas, en relación á fase de concurso na promoción interna, este erro xa está corrixido. Nas convocatorias de TSTIC e TS de I+D sucedeu o mesmo, pero o Servizo de PAS enviará a corrección de errores ao DOGA.

Por unanimidade, dáse por aprobado, por ser unha modificación que se adapta ao establecido no Convenio Colectivo.

O Vicexerente de RRHH resume as modificaciones das convocatorias enviadas. Na convocatoria de TS de actividades do medio mariño no punto 2 d) pídense “*Estar en posesión, ou ter cumpridas as condicións para obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, da titulación de mergullador profesional segunda clase restrinxida ou superior.*”


José Manuel García Eirín di que a expresión de estar en posesión ou en condicións de obter un determinado título, en ocasións non queda claro que sexa a fin de prazo de presentación de solicitudes. Engade que os requisitos que se piden que se xustifiquen cun título só é o título universitario e deberían ser todos os títulos que se esixen.

A xerenta responde que efectivamente se teñen que xustificar todos os títulos que se esixen en cada convocatoria.

O Vicexerente de RRHH continúa coa enumeración dos cambios efectuados na convocatoria de TS de actividades do medio mariño. Os máis salientables son o tema 5, 6, 17, 41,42 e 44. Suprimiuse o tema 8 e 45 do temario anterior.

Manuel Marcos di que na base 6.7 no referente á publicación das respuestas correctas no local onde tivera lugar a proba, cre que iso xa non é efectivo.

A Xerenta di que iso se podería suprimir xa que a publicidade se lle dá coa publicación na páxina web.



# Universidade de Vigo

Manuel Marcos di que na base 7.1 onde di que “unha vez concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o tribunal fará pública nos lugares da súa realización ...” pide que se supriman os lugares físicos.

Queda aprobada a convocatoria do proceso selectivo da categoría de TS de Actividades de Medio Mariño.

O presidente de CEO fai referencia á fase de concurso no punto 2.Formación. Di que debería quedar perfectamente claro que os contidos das materias teñen que ter relación coa proba e coa categoría, para evitar outras interpretacións.

A xerenta quere que conste en acta que o criterio é valorar a formación, non o título. Será unha redacción igual para todas as convocatorias.

O Vicexerente de RRHH pasa a enumerar os cambios que se produciron na convocatoria de TS de Actividades deportivas. Di que logo da anterior xuntanza, suprimiuse o tema 29 e producíronse modificacións nos temas 7, 14 e 38.

Alfonso Bascoy pregunta polo ENAS que figura no tema 5. Cre que é un organismo privado e non debería de ir na convocatoria. Non sabe en que pode repercutir no servizo de deportes.

O Vicexerente defende a súa inclusión no temario, pois aínda que se trata dun organismo privado, resulta indiscutible a relación da universidade co organismo, mesmo o director técnico da unidade de benestar físico, saúde e deporte formou parte do comité executivo hai uns anos.

Continúa coa convocatoria de TS de calidade ambiental e histoloxía, no que se fixeron os cambios demandados na anterior xuntanza así como modificacións nos temas 44, 45 e 47, eliminándose o tema 47 anterior de xestión de contidos web. Por último, enumera os cambios producidos na convocatoria de TM de prevención de riscos laborais onde o máis saliente producíose nos requisitos, punto 2 c) e d). Tamén se recibiron alegacións dos temas 30 e 31, pero as técnicas de prevención de riscos consideran que é pertinente que persistan esos temas.

O presidente do CEO pide que se aclare que título é o que se esixe de Técnico Superior de Prevención de Riscos Laborais, se é un Máster ou o Ciclo Superior. Como son Grupo II debería ser Ciclo Superior porque non se vai a admitir que se esixa un Máster. A persoa aspirante que dispoña dun Máster, que o presente, pero o requisito mínimo debe ser Ciclo Superior de PRL.

A Xerenta responde que se vai consultar co Servizo de Prevención por se hai algúun impedimento a nivel legal. Tentarase que a redacción quede “*estar en posesión ou en condicións de obter o título oficial de Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais*”

Pablo Álvarez di que quere que conste en acta que no Convenio Colectivo se establece que o Ciclo Superior dá acceso ao Grupo II.

Unha vez feitas as correccións indicadas, quedan aprobadas as convocatorias de TS de actividades deportivas, TS de calidade ambiental e histoloxía e TM de prevención de riscos laborais. Serán enviadas ao DOGA nos vindeiros días.

E sen máis asuntos que tratar remata a sesión as 12:00h.

